Identificación e eliminación de barreiras

Preguntas frecuentes d@ docente

DOWN Galicia

Barreiras	Identificación	Eliminación
Físicas	Actividades e exercicios que supoñan unha execución motora que non pode ser salvada por alumnado con problemas psicomotores	Empregar axudas técnicas para acceso ás actividades: punteiros, licornios, atrís, joystick, tapetes deslizantes, pulsadores, etc.
Sensoriais	Presentación da materia por medio dunha única modalidade sensorial: auditiva, visual, táctil…	Engadir máis modalidades sensoriais de presentación
Cognitivas	A información presentada sen axudas conceptuais, mediadores, organizadores, mapas mentais, pode ser confusa e difícil de entender	Empregar axudas como autoinstruccións, rúbricas, organizadores metacognitivos...
Estruturais	Obstáculos que parten da articulación do propio sistema educativo en particular e político en termos xerais	Visibilizar as barreiras existentes a nivel xeral e reivindicar a súa eliminación
Comunicativas	A comunicación oral, escrita, xestual, táctil, pictográfica… se se presenta de forma única pode excluír a algún alumno ou alumna	Engadir máis modalidades de comunicación, axudas técnicas (BLISS), etc.
Curriculares	A presentación dos contidos seguindo un único nivel curricular non achega ao alumnado con lagoas informativas	Establecer unha programación e actividades multinivel
Sociais	As baixas expectativas, sobreprotección, medo, rexeitamento, indiferenza, falta de apoios, etc., son barreiras que condicionan a vida dunha persoa facendo que se sinta máis ou menos capaz e máis ou menos incluída.	Establecer máis formación permanente do profesorado

Táboa inspirada en infografía de Antonio Márquez.

Material elaborado polo servizo de Educación das entidades de Down Galicia baixo licenza de Creative Commons permitindo a reproducción e modificación sempre que sexa sen ánimo de lucro e recoñecendo a autoría.

Punto Virtual de Educación
downgalicia.org